

OBXECTIVOS:

- Introducir os coñecementos necesarios para unha intervención eficaz na comunidade, fomentando e promovendo accións baseadas no diálogo que promovan relacións efectivas e desemboquen na mellora da calidade de vida das e dos cidadáns dunha comunidade ou organización específica.
- Entender os procesos de formación e desenvolvemento dos conflitos nestes contextos.
- Capacitar para a detección e intervención positiva nos conflitos.
- Promover a convivencia a través de metodoloxías específicas para o seu desenvolvemento.
- Completar a formación e dotar de ferramenteas efectivas a quen xa traballa e intervéñ nas organizacións e na comunidade.

METODOLOXÍA:

Para o desenvolvemento do programa exposto e a adquisición das competencias desenvolveranse diferentes metodoloxías: Sesións teóricas participativas e clases prácticas nas que se exemplificará a teoría, realizacións de role playing, traballo en grupo, debates dirixidos, etc. Primando sobre todas elas o desenvolvemento práctico da materia.

O traballo de casos realizarase mediante:

- Casos prácticos propostos pola organización.
- Casos prácticos propostos polas persoas participantes.
- Supervisión de casos.

DIRIXIDO A:

Profesionais da Psicoloxía da Intervención Social e persoal técnico dos Servizos Sociais que desexen ter unha formación apropiada para traballar en concellos, asociacións, comunidades veciñais, barrios ou no terceiro sector.

DOCENTE:

Yolanda Muñoz Hernán. Psicóloga responsable da Fundación Gizagune (Euskadi).

Ampla e contrastada experiencia na transformación dos conflitos e en diversas metodoloxías de xeración de consensos e procesos de toma de decisións dialogadas.



CURSO XESTIÓN DE CONFLICTOS NA COMUNIDADE

Docente:

Yolanda Muñoz Hernán

Organiza:

Sección de Psicoloxía da Intervención Social do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Coordinadores:

M^a Jesús López Cernadas
Xabier Macías Virgós

Colabora:



CONCELLO DE
SANTIAGO

Financiado polo Concello de Santiago de Compostela a través da
Concellaría da Área de Política Social, Diversidade e Saúde.

Organiza:



Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

DURACIÓN:

8 horas.

DATA:

Sábado, 14 de outubro de 2017.

HORARIO:

De 9:30 a 14:00 horas e de 15:00 a 18:30 horas.

LUGAR:

Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

PREZOS:

Colexiados/as no COPG e técnicos/as dos
Servizos Sociais dos Concellos de Santiago de
Compostela, Ames e Teo.

Gratuíta

Non colexiados/as.

30,00 €

INSCRICIÓN:

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN número ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico, banca online ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas colexiadas que realizaran o curso "Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria I", podendo suspenderlo o Colexio no caso de non obter un número suficiente de inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% do mesmo.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía. Os técnicos e técnicas dos Servizos Sociais deberán presentar documentación acreditativa de traballo nos mesmos.

Último día de inscrición: **11 de outubro de 2017.**

Os conflitos no ámbito comunitario conteñen elementos que lles confiren unhas especificidades na intervención, comezando polas características do espazo físico e as diferentes significacións que se lle atribúen, continuando polas persoas e o universo de diversidade existentes, identidades e construcións comúns, para rematar cos recursos existentes e os intereses institucionais. Todos estes elementos fan da xestión de conflitos no ámbito comunitario un reto e un desafío para os e as profesionais da xestión de conflitos e promoción da convivencia.

PROGRAMA:

1. Claves de análises de conflitos no ámbito comunitario:

- O espazo e o contexto.
- O Grupo.
 - Claves de construción dos grupos.
 - As diferentes persoas que compoñen o grupo.
 - Liderados. Identidades grupais.
 - Os conflitos multiparte.
- A lexitimidade.
- As interlocucións.
- Os conflitos.

2. Tipoloxías de intervención no ámbito comunitario en función do conflito.

- Conflito por ocupación do espazo público.
 - Tipoloxías de conflito polo espazo público.
 - Procesos de facilitación.
 - Chaves a ter en conta.
 - Deseño de procesos.
 - Traballo en rede con outros e outras axentes da comunidade.
- Conflitos complexos multicausa.
 - Tipoloxía.
 - EGC.

3. Ferramentas de xestión de conflitos.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN CURSO XESTIÓN DE CONFLICTOS NA COMUNIDADE

NOME E APELIDOS

TFNO. E-MAIL

Nº DE COLEXIADO/A

ENDEREZO

CIDADE E C.P.

PROFESIÓN

CENTRO DE TRABAJO

DATA

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE DO COPG
Nº IBAN: ES64 2080 0316 2330 4000 8164 DE ABANCA.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de "Actividades e servizos para os/as colexiados/as" no que se incluírán os seus datos profesionais e persoais unha vez inscrita no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente colexial e para organismos afíns a este Colexio.
 Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que aparece a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio.
No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadró.
Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a copgalicia@copgalicia.gal.